

**ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA**

Nº DE PROTOCOLO: 2013/51

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: “Efecto dos animais salvaxes na agricultura e gandería. Propostas de actuación”.

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderizo: Estrada Betanzos-Santiago km 7, 15318 Mabegondo (A Coruña)

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

4.- RESPONSABLE: Juan Fernando Castro Insua

Tfno.: 881881801

5.- INTRODUCCIÓN:

A influencia das especies animais salvaxes sobre a agricultura e a gandería pode ser moi relevante. Dita influencia soe ser negativa para as producións, normalmente por destrución das mesmas, ben sexan praderías, cultivos de millo e outros cereais, crías de gando, etc.

As principais especies que afectan ó agro galego son as seguintes:

- Xabaril
- Lobo
- Raposo
- Córvidos
- Outros mamíferos (xineta, corzos, porco teixo...).

A rendibilidade das explotacións pode verse afectada de xeito importante se o efecto dos animais salvaxes é moi intenso, comprometendo os xa reducidos marxes da actividade agrogandeira.

O principal xeito de impedir o acceso dos animais mencionados ás parcelas ou instalacións agrogandeiras é a colocación de cercados, permanentes ou móbiles, con utilización ou non de descargas eléctricas.

O agricultor ou gandeiro debe ser unha persoa coñecedora dos tipos de cercas, xa que existe unha gran variedade e supoñen unha elevada inversión, polo que será conveniente determinar cál é a máis axeitada para cada caso concreto.

Outro elemento importante, sobre todo na protección do gando, é a presenza de cans mastíns, que supoñen outra vía de defensa. Para elo é importante contar con cans seleccionados pola súa aptitude gandeira e, sobre todo, establecer un sistema de cría adecuado para conseguir unha correcta fase de socialización co rabaño.



6.- MATERIAL E MÉTODOS:

PROGRAMA

- 10:00-10:30 h - Presentación da xornada (Juan Castro Insua - director do CIAM)
- 10:30-11:30 h - Charla 1: Efecto dos animais salvaxes na agricultura (Manuel Vierna - Agromarket)
- 11:30-12:30 h - Charla 2: Efecto dos animais salvaxes na gandería (Joan Alibés - Beealia)
- 12:30-13:30 h - Charla 3: Realización de cercados para a protección contra os animais salvaxes (Manuel Vierna - Agromarket)
- 13:30 - 14:30 h - Charla 4: Cría de cans mastíns para a defensa do gando (Joan Alibés - Beealia)
- 16:00-17:30 h - Mesa redonda (Nieves Díaz, Manuel Vierna, Joan Alibés)
- 17:30-18:30 h - Visita á Estación Experimental de Gandería de Montaña do Marco da Curra (CIAM - Nieves Díaz)

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

As xornadas xuntaron xente de moi variada procedencia, dende estudiantes, gandeiros, gardas de caza, técnicos da consellería de medio rural, persoal das OAC, etc.

Durante o desenvolvemento das mesmas púxose de manifesto o notable efecto negativo que os animais salvaxes teñen na agricultura e gandería, centrando as explicacións no caso do xabaril para os danos os cultivos agrícolas, fundamentalmente no millo e praderías, e no lobo para os danos ó gando.

Os danos que o xabaril produce na agricultura considéranse incalculables, pois é unha especie moi prolífica que actualmente presenta sobrepozoacións en gran parte da Comunidade Autónoma. É unha especie cunha gran capacidade adaptativa, omnívora e que presenta no actual rural galego un hábitat idóneo. O control das poboacións ten que levarse a cabo mediante a caza, que non sempre resulta doado pola existencia de conflitos de interese cos cazadores.

Os danos sobre o gando veñen protagonizados principalmente polo lobo. É unha especie moi intelixente que provoca danos por ataque directo. Os danos poden chegar a ser moi intensos, porque o instinto depredador fai que mate moitas reses e que coma pouca cantidade, o que lle outorga o estigma de "malo" dentro da cultura gandeira. Na actualidade non é unha especie que se encontre en perigo de extinción en Galicia, polo que ou ben se controlan as poboacións, ou se aposta decididamente por pagar os danos na súa totalidade e con más celeridade que se está a facer, reivindicación unánime dos gandeiros.

Outro dos danos que poden provocar os animais salvaxes é a posible transmisión de enfermidades ó gando, pois o xabaril, por exemplo, considérase portador de máis de 40 parásitos que poden afectar ó gando, entre eles a tuberculose bovina.

Un dos medios para protexer os cultivos e o gando contrá os animais salvaxes, a parte do control das poboacións, é a instalación de cercados. Na xornada comentáronse tanto os cercados permanentes, móbiles, con malla cinexética, etc., centrando a importancia non soamente en facer un bo cercado, senón tamén no seu mantemento. Comentouse a importancia crucial da utilización de cercados eléctricos como elemento disuasorio máis efectivo e os tipos e repercusión de utilizar un bo enerxizador.

Respecto da cría de mastíns, fixose fincapé na alta relevancia da fase de socialización do cachorro, así como de interpretar os rasgos dun can mastín que sexa adecuado para protexer o rabaño. Tamén se mencionou o abandono da introducción de mastíns que se iniciara co Plan do Lobo.

Na mesa redonda puxéronse en común e debatéreronse todos estes temas, xurdindo opinións do máis variado, pero cun nexo común, a desprotección do gandeiro e dos agricultores fronte ós ataques dos animais salvaxes, que poden mermar de xeito drástico a rendibilidade de moitas explotacións.

Finalmente, para concluir a xornada, realizouse unha visita á Finca Marco da Curra, onde se tivo a oportunidade de observar as diferentes soluciones en canto a cercados que se teñen realizado na finca experimental, así coma ós mastíns traballando no medio dos rabaños.

Practicamente todos os asistentes mencionaron a adecuación dunhas xornadas deste tipo debido ó grave problema que supón no medio rural.

Dende o CIAM consideramos que a través destas xornadas pódense chegar a transmitir coñecementos de forma directa e efectiva ós agricultores e gandeiros, cerrando aso ciclo da labor investigadora e proporcionando un servizo útil o sector.

8.- RESUMO E CONCLUSÓNS:

A xornada contou cunha elevada participación, de case 50 persoas, principalmente do sector gandeiro. As charlas foron calificadas polos asistentes de moi interesantes, debido ó grave problema que supón o efecto dos animais salvaxes na agricultura e na gandería, centrando as explicacións sobre o xabaril e o lobo.

Como posibles soluciones técnicas comentáronse os diversos tipos de cercados e a súa efectividade para o bloqueo da entrada dos animais salvaxes nas parcelas agrícolas e gandeiras. Asemade, falouse da cría de mastíns, fundamentais para o cuidado dos rabaños nas zonas con presenza de lobo, remarcando a importancia da fase de socialización para integrar o cachorro no rabaño.

Finalmente visitouse a finca experimental do Marco da Curra para ver as soluciones que se teñen adoptado na finca do CIAM, en canto a cercados e utilización de mastíns, para evitar os ataques de lobo, que teñen sido moi frecuentes.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
CENTRO DE INVESTIGACIONES AGRARIAS
OURENSE